

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I1KI	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 19-10-20 14:27

Número 67 .- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade e Seguridade relativa á ampliación da zona de aparcamento para residentes a tódala marxe dereita da rúa Presidente Salvador Allende, de 21:00 ata ás 9:00.

Destinatario

15078DCMG14I1KI5
²15078DCMG14I1KI5<»
²15078DCMG14I1KI5<»

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 19 de outubro de 2020, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

67 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE RELATIVA Á AMPLIACIÓN DA ZONA DE APARCAMENTO PARA RESIDENTES A TÓDALA MARXE DEREITA DA RÚA PRESIDENTE SALVADOR ALLENDE, DE 21:00 ATA ÁS 9:00.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, de data 16.10.20, e do informe da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade, da mesma data, co seguinte teor literal:

"INFORME XURIDICO

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xullo de 2020 acordouse a modificación e ampliación de aparcamentos en superficie en varios puntos da cidade, un deles afecta o réxime excepcional de residentes, concretamente a zona 7 de San Lourenzo, ampliándose a zona de aparcamento na rúa Salvador Allende, no seu tramo final, fronte ó Colexio Raíña Fabiola, con 12 prazas; a rúa Entregaleras, a banda completa de estacionamento, que supón un total de 18 prazas; e a rúa Galeras, entre o cruce do Pombal e a rúa Presidente Salvador Allende; agás a zona de carga e descarga existente, con 9 prazas máis.

Os veciños residentes que poderán acceder a estas prazas de aparcamento, sempre que reunan os requisitos esixibles na Ordenanza

do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes, serán os das rúas Hortas, Calzada do Carme de Abaixo, Travesa do Carme de Abaixo, Carme da Abaixo, Campo das Hortas, Entregaleras e Galeras, dende o numero 2 ata o 32.

Se solicita agora por diversos veciños residentes na rúa Salvador Allende a inclusión na relación de residentes que poderán facer uso destas novas prazas de aparcamento habilitadas para residentes da zona 7, estudada polo Servizo de Mobilidade e Seguridade esta solicitude, se considera axeitado incluír á totalidade da rúa Salvador Allende no réxime excepcional de residentes Zona 7 San Lourenzo, que poderán acceder a dispoñer do distintivo sempre que cumpran as condicións e requisitos establecidos nos artigos 7 e 8 da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes.

Asemade, de conformidade co informado polo técnico municipal deste servizo, se considera necesario ampliar as reservas de aparcamento ó tramo existente na marxe dereita da rúa Salvador Allende para dar cabida ó aumento de vehículos que poida xenerarse coa ampliación das rúas da zona. Estas prazas de aparcamento terán a condición de libres durante o día, ou o réxime que lles corresponda segunda reserva e en horario de 21:00 a 9:00 horas, será unha reserva de residentes para a zona 7 de San Lourenzo.

A vista do exposto, proponse, de conformidade co previsto na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Aparcamento e Aparcamento de Residentes, á Xunta de Goberno Local, en base os informes emitidos e a proposta do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade:

A incorporación dos veciños da rúa Presidente Salvador Allende na zona de Residentes nº 7, San Lourenzo, que poderán solicitar e obter o distintivo de residentes, previa solicitude e sempre que cumpran as condicións e requisitos previstos nos artigos 7 e 8 da meritada Ordenanza.

Asemade, proponse, ampliar a zona de aparcamento para residentes a tódala marxe dereita da rúa Presidente Salvador Allende, en horario de 21:00 ata as 9:00 horas."

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE.-

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG14I1KI	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 19-10-20 14:27

Visto o informe desta mesma data da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, presto conformidade ó seu contido e en base ó mesmo, propónse, que pola Xunta de Goberno Local se acorde:

De conformidade co previsto na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Aparcamento e Aparcamento de Residentes, á Xunta de Goberno Local, en base os informes emitidos e a proposta do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade:

A incorporación dos veciños da rúa Presidente Salvador Allende na zona de Residentes nº 7, San Lourenzo, que poderán solicitar e obter o distintivo de residentes, previa solicitude e sempre que cumpran as condicións e requisitos previstos nos artigo 7 e 8 da meritada Ordenanza.

Asemade, propónse, ampliar a zona de aparcamento para residentes a tódala marxe dereita da rúa Presidente Salvador Allende, en horario de 21:00 ata as 9:00 horas."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

A incorporación dos veciños da rúa Presidente Salvador Allende na zona de Residentes nº 7, San Lourenzo, que poderán solicitar e obter o distintivo de residentes, previa solicitude e sempre que cumpran as condicións e requisitos previstos nos artigo 7 e 8 da meritada Ordenanza.

Asemade, acórdase ampliar a zona de aparcamento para residentes a toda a marxe dereita da rúa Presidente Salvador Allende, en horario de 21:00 ata as 9:00 horas.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Gumersindo Guinarte Cabada